

Pequena contribución léxica al galego-asturiano: voces, espresións e ditames tapiegos.

MARÍA CONCEPCIÓN ÁLVAREZ LEBREDO

Dende a publicación del *Vocabulario de Mántaras* de Xosé Miguel Suárez Fernández nel ano 1996, cualquier trabayo referido al léxico da zona máis occidental d'Asturias ten que fer referencia obrigada a esa magnífica obra lexicográfica, que recoye a lingua oral d'unha localidá del conceyo de Tapia. Pretendemos aquí contribuir en pequena medida al coñecemento da fala tapiega, aportando material léxico utilizao na capital d'ese mesmo conceyo por persoas nativas¹. Debido á proximidá entre Mántaras e Tapia (de feito, na actualidá Mántaras forma parte do núcleo urbano de Tapia), case todo o vocabulario tapiego ta comprendido na obra de Suárez, pos o vocabulario é común en máis d'un 90 por cento. Por eso, limitarémonos ás palabras e xiros qu'el *Vocabulario de Mántaras* nun recoye.

Dividimos o material en dous apartaos. O primeiro ta dedicado a voces e espresións. Como dixemos, recoyemos sóo palabras que nun aparecen en Suárez (1996), ou ben, acepcións diferentes de voces incluídas naquela obra. Neste caso, adoptamos os seguintes criterios: a definición vai precedida d'un número qu'indica a acepción que tamos considerando. Este número é correlativo dos que Suárez utiliza nel seu vocabulario. É dicir, se unha determinada voz contén dúas acepcións diferentes nel *Vocabulario de Mántaras* e nos outros queremos amecer outra, ésta irá precedida do número 3. Isto cúmprese sempre, agá nos casos en que consideramos qu'a acepción que queremos amecer é o significado principal da palabra del que se derivan todos os demais. Neste caso, a acepción levará a abreviatura *s. r.* (sentido recto). Quer isto dicir que, na nosa opinión, esa definición debería preceder ás recoyidas na obra de Suárez. Nos demais ca-

¹ Os informantes principais foron: Eugenia Villar Lanza (1903-1996), Dolores Méndez Casariego (nacida en 1919), Nila Lebreto Lanza (nacida en 1931), Rosa Méndez Pérez (nacida en 1932), Conchita Lebreto Lanza (nacida en 1937), Ovidio López Fernández (nacido en 1944) e Víctor Méndez Iglesias (nacido en 1944).

sos, as definiciónís poderán nalgunhas ocasióis levar a abreviatura *s.f.* (sentido figurao). Nestos casos, trataráse de definiciónís derivadas ou secundarias en relación ás recoyidas por Suárez.

As espresións multipalabra recóyense utilizando como criterio ordenador a palabra máis caracterizada del conxunto, en xeneral, a primeira con significado pleno. É dicir, pra establecer a entrada baxo a qu’aparecerá cada espresión prescindimos dos determinantes, preposicións y demás “palabras baleiras”, así como de verbos desementizaos, como *ser* ou *tar*. Hai, sin embargo, algunhas escepcións a esta regra unde a forma escoyida é algunha outra máis caracterizada qu’a primeira con significado pleno.

El segundo apartao ta constituído por ditames. Os máis d’elos son transparentes. Con todo, algunhos van seguidos d’unha pequena glosa ou comentario. Naturalmente, tanto as espresións como os ditames qu’escoyemos nun aparecen en Suárez (1996).

Ademáis das voces, espresións y ditames que veremos a continuación, temos que fer algunhas puntualizacións en relación a Suárez (1996). El autor reflexa na súa coyeta el fenómeno da *labialización* que consiste nun arredondiamiento da vocal media /e/ en /o/ por contacto con unha consonante labial como /p/, /b/ ou /m/. Asina, según Suárez, as formas comúis en Mántaras son, por exemplo, *moñín*, *cozobeyos* ou *arromendar*. En cambio, en Tapia, utilízanse normalmente as formas *meñín* (‘dedo máis pequeno da mao’), *cocebeyos* (‘cucarachas’) ou *arremendar* (‘imitar’). Outro fenómeno fonético que reflexa Suárez é a *vocalización* da consonante velar nos grupos cultos *-kt-* como en *correuto*, *afeuto*, *defeuto*, *respeuto*. Frente a estas formas vocalizadas, lo común é a simple supresión da consonante velar: *correto*, *defeto*, *respeto*, anque nun se pode descartar algún caso en Tapia de vocalización ou de labialización que responda a unha variación idiolectal.

Hai tamén muitos casos de diferencias nel vocalismo átono. Anque el propio Suárez nel prólogo da súa obra señala que, entre as realizacións dos archifonemas palatal /E/ y velar /O/, escoye as máis abertas [e], [o], sin embargo subsisten diferencias en certas formas entre a pronunciación habitual en Tapia y a que rexistra Suárez como propia de Mántaras. Asina, en Tapia é máis normal ouguir *pezoreyos*, *bochelo*, *topizo*, *estorrozar* ou *marcorial* nel canto das formas *pezureyos*, *buchelo*, *tupizo*, *esturruxar*, *marcurial* que se recoyen nel vocabulario de Mántaras. Outras tán suxetas a variación idiolectal como *vestido/vistido*, *pedir/pidir*, *pedigañeiro/pidigañeiro*, *pidigón/pedigón*, *sentir/sintir*, etc.

Otras diferencias nel vocalismo átono topámoslas en formas que contéin fonemas diferentes a os archifonemas mencionaos. En Tapia, por exemplo, dicimos *en pampeneiro*, *porcoteixo*, *xareta*, *empendengao*, *embozada*, *embute*, *escofonarse*, *faedora de vida*, etc. en lugar das formas *en pampaneiro*, *parcoteixo*, *xireta*, *empendangao*, *ambozada*, *ambute*, *escofeinarse*, *fei-*

dora de vida... qu’aparecen nel vocabulario de Mántaras. Tamén se recoyen en Suárez (1996) casos d’*a-* protética a os que nun tamos avezaos en Tapia. Por exemplo, na vila dicimos *fel* ou *matadura* nel canto d’*afel*, *amatadura* del aldea vecía. Entre as diferencias qu’afectan al consonantismo, podemos citar el caso d’*espribilido* ou *escarabeyar* fronte ás mantaregas *espribido*, *esgarabeyar*. Tamén temos casos de diferencias qu’afectan simultáneamente a vocales y consonantes, como *piyabán* ou *calamocano* (en Mántaras, *peilaván*, *caramucano*). Ademáis, diferencias de xénero como *ir á rebusca* fronte a *ir al rebusco* recoyido en Suárez (1996). En fin, nun podemos repasar unha a unha todas as voces, pero diremos en xeneral qu’hai moitas outras que, sin ser desconocidas pra os falantes tapiegos, éstos recházanlas por vulgarismos (elos dicen “disparates”). Entre elas, casos de metátesis como *pedricar*, *detremino*; apertura del fonema palatal /e/ en [a] por contacto con líquida (*zarrar*, *dalgao*); prótesis como en *ensecar*, *envasixa*, *deseeparar*, *amitá...*; epéntesis (como en *nubre*) y outras moitas difícilmente clasificables, qu’ilustran as enormes vacilacións a que tán suxetas as vocales átonas, como en *sacreto*, *secudir*, *desacupar*, *oumentar*, *corioso*, etc., etc. Con todo, nun podemos descartar totalmente el uso d’estas y outras palabras en Tapia, senón que máis ben deberíamos dicir que responden a variacións de tipo individual, idiolectal. A este mesmo tipo de diferencias obedecen as vacilacións del tipo *fargayeirol/faragayeirol*, *fargayada/faragayada*, *galiar/galar*.

Vamos ver a continuación el pequeno corpus de material léxico utilizao en Tapia. Puxemos especial cuidado en recoyer voces y expresións a pique de desaparecer que moi poucos falantes conocen y, nalgunos casos, eles mesmos dicen que xa nun utilizan anque los conocen por oírvelos a sous padres ou volos. Pretendemos, d’algún xeito, evitar qu’esas palabras y xiros cayan pra sempre nel esquecemento. Hai que sinalar que todos os informantes son personas mayores de 50 anos nadas en Tapia col requisito de que sous padres tamén naceran en Tapia. Nos casos que corresponda, al pé del vocablo ou expresión, señalamos se existe algunha variante recoyida en Suárez (1996). A esa mesma obra remiten moitas das definicións de máis abaixo. Por último, advertimos de qu’usamos unha ortografía etimolóxica, de forma qu’escribimos, por exemplo, *vola*, *verza* ou *voda* porque os étimos latinos correspondentes —*AVOLA*, *VIRIDIA*, *VOTA*— escribíanse con *v*, y tamén escribimos *ombro* fixándonos nel sou étimo *UMERUS*, que nun levaba *h*.

As abreviaturas utilizadas son:

<i>ax.</i> : axetivo	<i>prnl.</i> : pronominal
<i>adv.</i> : adverbio	<i>s.f.</i> : sentido figurao
<i>conx.</i> : conxunción	<i>s.r.</i> : sentido recto
<i>interx.</i> : interxección	<i>sust.</i> : sustantivo
<i>intr.</i> : intransitivo	<i>Ú.t.c.s.</i> : úsase tamén como sustantivo
<i>pl.</i> : plural	<i>v.</i> : verbo

I. VOCES Y ESPRESIÓIS:

- abentestate:** (del latín *ab intestato*) *adv.* 1. (*s. r.*) Sin fer testamento. *Moríu abentestate.* 2. Co-moquera, de cualquer xeito. *Tían toda a casa abentestate: as ventás abertas, a roupa tira-da...* (Suárez recoye *abentestate* con un significao relacionao).
- acartona, -ada:** *ax.* Tísico nunha fase estable da enfermédá; que ten a tuberculosis pero nun vai morrer d'ela. *Tuvo mui malín despós da guerra, pero louno quedóu acartona.*
- acorar:** || **Tar acorando a chorar**, tar a pique de romper a chorar, tar aguantándose pra nun romper a chorar. –*Mira, ta acorando a chorar.* –*Normal, despós da noticia que ye destes...*
- albeiro:** *sust.* Estropicio. *Ten cuidao al levar esos pratos, nun vayas amañar un albeiro. Nun sei se feiréi un albeiro al cortarche el vistido.* (Suárez recoye *debeiro* col mesmo significao).
- alburgueirada:** *sust.* Acción propia d'un alburgueiro.
- alburgueiro, -a:** *ax.* 1. Zarapayeiro, qu'anda con contos y enredos. 2. Qu'emprende negocios ou actividades sin sentido. *Ú.t.c.s.*
- alagarse:** *v.* Encherse d'agua [unha terra], enchagozarse, anagarse. *Ese prao ta alagao.*
- alcayano, -a:** *ax.* Amigo de tar fóra da casa, d'andar polas caleyas. (Suárez recoye *alcayanieiro, -a*).
- alcoba:** *sust.* Cuarto pra durmir pequeno y cego qu'abre á sala.
- alindar:** || **Alindar el cabrito**, deixar pasar el mal humor, fer algo pra que ye pase a ún el enfado. *Alindóu el cabrito fendo un montón de leña.*
- aloló:** *Palabra baleira con que principiaba a fórmula que s'utilizaba pra rematar os contos pra nenos y que rezaba asina: *Aloló se acabou y pola cheminía de Pepía salíu unha galía.* (É el equivalente tapiego del *colorín, colorao*).
- amaraxarse:** *v.* Adoptar [un home] modales femininos. *Este rapaz con lo bon mozo qu'era parece que se vai amaraxando algo.*
- amolentar:** *v.* Fer que [unha cousa] se poña mole. –*Quítaye al neno ese pedacísimo de pan da boca.* –*Anda, nía, anda, que xa lo vai amolentando pouco a pouco.*
- anabolena:** *sust.* Muyer contequeira y zarapayeira. *Nun ye contes nada, qu'é unha anabolena y amañache un conto por menos de nada.*
- anaboleniar:** *v.* Andar con contos y enredos. *¡Á nía! ¿Qué andas anaboleniando de casa en casa?*
- andaina:** *sust.* Epidemia [d'unha enfermédá leve]. (Vide Suárez: *andacio*). –*Todo el mundo ta malo.* –*É qu'hai andaina.*
- andiocho, -a:** *ax.* Qu'anda todo el día d'un lao pra outro. (Suárez recoye *andiocheiro, -a*).
- ánimas:** || **¡Vaya polas ánimas!**, *espresión d'agradecemento que s'usa conda unha persona recibe algo. –*Toma cinco rales.* –*¡Vaya polas ánimas!*

antroido: *sust.* 1. Días de festa que preceden á Cuaresma (este sentido recóyelo Suárez). 2. Particularmente, el martes, víspera del Mércoles de Cinza, como amostra del dito: *Sábado fereixoleiro, / domingo lardeiro, / lunes gordo, / martes antroido.*² 3. Persona pesada, molesta. –*Ei che vén Xan de Maruxa. –¡Osús, qué antroido!* || *El antroido qu’ei vén, *espresión burlesca que se yes dice a os que preguntan “¿quén?”.*

apéndiz: *sust.* Prolongación del intestino cego.

aporondarse: *v.* Subirse [a un sito alto], engarabitarse, emporondarse.

apuntar: || **Apúntalo na verza y tíraya al cocho,** *espresión que se refire ás deudas condo son imposibles de cobrar.

apurir: *v.* 2. Dicir [el hora]. *Apúrreme qué hora é.*

árbol: || **Parecer [alguén] el árbol del desmayo,** ir [alguén] andando cos brazos cayidos.

arenego: *sust.* *Trachinus* sp., peixe que se move debaxo del arena del mar y que ten un aguiyón qu’inocula veneno.

areixa: *sust.* *Sinapis alba*, pranta silvestre de flores marelas y foyas en forma d’aguya roma.

argayo: *sust.* Forzas, ánimo. *Nun teño argayo pra fer todo ese trabayo. –¿Cómo vai a enferma? –Ben, pero inda nun ten argayo abondo.* (Suárez recoye *argayo* con significao case idéntico).

arrapañar: *v.* 4. Rascar un recipiente ou superficie pra poder sacar toda a sustancia apegada a ela. *Tase acabando el azucre pero arrapaña ben el bote, qu’inda chega pra ese café.*

arrebuxar: *v.* 1. Envolver [unha cousa pra tapala, pra escondela]. 2. *prnl.* Envolverse nunha manta ou pano pr’abrigarse.

arredemo: *interx.* que s’usa pra espresar sorpresa.

arruxidar: *v.* Fer [unha cousa ou unha persona] muito ruido qu’enxorda [a alguén]: *Arruxidóume el neno coa cantalarrana. Ese tractor tennos arruxidaos toda a tarde.*

arveyo: *sust.* Pranta leguminosa con frutos redondos pequenos de color verde.

Arxel: || **¡Vayas tu a Arxel!**, *espresión que s’usa pra maldicir. (Suárez recoye *¡Arxel y gale-ras!*).

atayo: *sust.* Camín máis corto [pra chegar a un sito].

atopar: *v.* Topar, encontrar, dar con [unha persona ou cosa].

augua: || **Ás cuatro auguas,** 2. Maleducada, de modales pouco refinaos, á patachá [unha persona]. –*¿Viche cómo me contestóu? –¿Y qué ye ques? Xa sabes que Xan é ás cuatro auguas.*

axelar: *v.* Coyer frío. *Se nun entramos na casa, vamos axelar aquí fora.*

² Nel conceyo da Veiga, según recoye FDEZ. VIOR (1997: 90), cambia el orde dos nomes d’algunhos días del Antroido: *sábado lardeiro, domingo cereixoleiro, lues gordo y martes d’antroido.*

bacotexo: *sust.* (*s.r.*). Movimento axitao, vaivén.

bayón, -úa: *ax.* Desdeixao, consintidor, que se deixa fer cualquera cousa. *Ta maleducao porque ten unha madre mui bayúa. É un bayón: as irmás fain d'él un pandeiro.*

boca: || **Nun dar[ye a alguén] a boca pra máis**, ser mui esaxerao, chufar muito unha cousa engordando a cantidá. *¿Que mide dous metros, dices? Á núa, nun che deu a boca pra máis.*

bolorto: *sust.* 2. Montón de cousas embeleñadas.

bon: || **Ir bon/búa de [algo]**, tar cansao [d'algo]; levalo feito muitísimas veces. *Vou búa d'axudarye coas oveyas. Hoi vas bon de televisión.*

botar: || **Bótaye unha arenía de sal**, 'esquécete d'eso porque nun lo vas volver ver'. Úsase condo ye piden a ún unha cousa y sabe que nun la van devolver.

borona: *sust.* Pan de meiz.

bracete: || **Del bracete**, del ganchete.

bragada: *sust.* Miyas, bolsa que contén os pequenos ovos del pescao.

bravío: || **A bravío**, sin cultivar [unha terra].

cabodano: *sust.* Primeiro aniversario da morte [d'unha persona].

cacho: *sust.* 1. Porción [d'unha cousa]. *Dame un cachín de pan.* 2. Espacio de tempo. *Tuven un cacho largo esperando por ela.* 3. Porcelana, loza. *Regalóume unha xarra de cacho.* || *D'alí a un cacho*, un tempo despós. *Pasóu túa madre y d'alí a un cacho pasóu tou irmao.* || *De cacho en cribo*, d'un lao pra outro, folgazaniando. *Esta nun fai nada, todo el día anda de cacho en cribo.*

cacicar: *v.* 4. Revolver nas potas da cocía.

cacipoleiro, -a: *ax.* Amigo de cacipoliar.

cacipoliar: *v.* Companguiar.

caciqueiro, -a: *sust.* 1. Cacique. 2. *ax.* Amigo d'andar revolvendo entre os potes.

cagar: || **¡Cagáilo/a, gaviotas!**, *espresión que s'usa condo unha persona chufa muito ou vai mui fachendosa, pra desearye que ye caguen as gaviotas enriba y se ye acabe a tontería.

cambiar: || **Cambiarye el camín [a alguén]**, escapar [d'unha persona], cambiar de camín pra nun toparse [con alguén]. *Por nun saludarme cambióume el camín.*

can: || **Todo can y cocho**, todo el mundo, todo quisque. *Condo eu era neno sólo tían coche dous ou tres, agora tenlo todo can y cocho.* || *Nun ter [alguén] can que ye ladre*, nun ter compromisos familiares. *Xan pode ir de gayorda, que ta solo; nun ten can que ye ladre.*

canada: || **A canadas**, muito [chover].

cangayo: *ax.* Alto, desgarbao (Suárez recoye *cangayón* col mesmo significao. Nosoutros consideramos *cangayón* como un aumentativo, derivao por tanto da forma *cangayo*).

cara: || **Cara de maragota**, cara [d'unha persona] coa boca mui grande y en pico. *Ese neno é ben feo, ten cara de maragota.*

caranquín: *sust.* (*s. r.*) Raquitismo, enfermidade da medría dos nenos y das crías dos animais. *Este neno ten a cabeza mui grande, ¿nun terá el caranquín? El cochín nun acaba de salir del caranquín.*

carepa: *sust.* 1. Costra na pel. 2. *s.f.* Dobrez, hipocrisía. *Ten unha carepa...* (equivalente á expresión castellana: ‘tiene más capas que una cebolla’).

carrapañoso, -a: *ax.* Cuberto por unha capa de ferruxe ou cotra.

casa: || **Qu’a casa é baixa**, *advertencia que quer dicir que nun fai falta berrar porque s’oi ben de sobro. *Nun berres, qu’a casa é baixa.*

cayoco, -a: *ax.* Ovalao, de forma arredondiada y alargada. *Este neno ten a cabeza tan cayocuí pr’atrás...*

caxigalía: *sust.* Pequenez, cousa sin importancia, detalle [al qu’algúen presta escesiva importancia].

cazolo: *sust.* 1. Recipiente de cocía con mango que sirve pra calentar líquidos. 2. Cazola pequena.

cego: || **Pedro Cego**, personaxe imaxinario col que se representa el sono. *Cérranseye os oyos, xa veu Pedro Cego.*

cexa: || **Entre cexa y cexa**, *espresión que, xunto a verbos como meterse, poñerse, ter, levar [unha cousa], significa empeñarse, encenegarse [nalgunha cousa], querer fer [algo] por encima de todo. *Metéuseye entre cexa y cexa ir al baile y nun hai quen yo quite.*

chen: || **Chen como un babuyo**, farto de comer. *Comín tres prataos de caldo, tou chen como un babuyo.*

chía: *sust.* 3. (*s.f.*) Borracheira. *Tía unha chía tan grande que tuveron que levalo á casa y deitalo.*

chinelo: *sust.* Calzao escalcaño ou que val pouco.

chirleco, -a: *ax.* Persona faladora y de pouca chapeta. *Ú.t.c.s. Nun yo contes a Pepe, qu’ é un chirleco.*

choramicas: *ax.* Choramiqueiro, que choramica todo el tempo.

chorapingando: *ax.* Choraportodos, chorasáin.

chorasaín: *ax.* Choraportodos, que chora por cualquera cousa.

chorín: *sust.* 1. Persona de voz aguda que condo fala parece que chora. *A periodista que ta en Jerusalén failo lamar de ben, pero é un chorín...* 2. Persona que chora por todo. *Nun me señas chorín, nun te pudiche mancar tanto.*

cigua: *sust.* 2. Mala sorte. *Esa casa ten a cigua: todos os amos moriron novos.*

cocebeyo: *sust.* Cucaracha. || *Augua de cocebeyos*, *espresión que s’emprea condo un líquido sabe mal. *Este caldo sabe a augua de cocebeyos.* (Suárez recoye *cozobeyo* nun sentido figurao).

cocer: || **Nun cocer [alguén] dentro del peleyo**, vide Suárez *nun cocerye [a alguén] el pan nel peleyo*.

codaste: *sust.* Sustancia, grasa [dos alimentos que fai que señan sabrosos].

comer: || **Comer a Dios polos pés**, ser mui tragón, comer [alguén] todo el que ye boten. || *Comer canaveira*, ser estirao, presumido, fachendoso. *Ese coméu canaveira: nun mira pra nai-de, parece que vai dicindo ‘aquí vou eu’*. || ; *Comas tu veneno!*, * maldición.

comoquera: *adv.* De cualquier xeito, sin orde, sin pararse a felo ben. *Deixóu el cuarto comoquera. Failo comoquera, que temos présa*.

companguiar: vide compangar, acompañar.

conta: || **Salir[ye a alguén] as contas furadas**, nun salir[ye a alguén] as cousas conforme ás súas previsióis; darse as cousas al contrario del qu’ún calculara.

corredor: *sust.* Balcón largo y corrido, solana. Úsase, por exemplo, na copla seguinte: *Mía vo-la cacarola / condo mexa cacarexa, / condo vai al corredor / tira un pedo como un tambor!*

correr: v. 8. Pasar a prancha pola roupa pr’alisala.

corricán, -ana: *ax.* Que ye gusta tar todo el día de cacho en cribo, amigo de tar sempre pola caye d’un lao pra outro. *Ú.t.c.s.*

cortexador, -a: *ax.* Que ten muitos mozos ou mozas, amigo de cortexar. *Ú.t.c.s.*

cortexar: v. Ter relación de mozos, pretender, fer a corte. *Xan cortexa a unha fiya de Manolo. ¿Viche cómo cortexan el vecín y a nosa nena?*

cós: *sust.* Antigamente, camisa de muyer. || *Adiós, mangas del meu cós*, *espresión burlesca pra despedirse.

cotrelo: *sust.* 1. Persona ou animal coa pata corta. 2. Persona ou animal pequeno y mal feito.

cotrolo: vide cotrelo.

cul: || **Ter el cul como un pandeiro**, ter un cul mui grande. || *Ser un cul de sono*, ser mui dormichón. *Este fiyo meu é un cul de sono: leva durmindo desde ayer ás nove*.

culeiro: *sust.* Bragas, prenda de roupa interior feminina que cubre desde a cintura hasta el empezo das pernas con aberturas pral paso d’estas.

curcuñar: v. Coser fendo un repolgo, surcir mal.

curcuño: *sust.* Repolgo; costura mal feita.

cuspe: vide cuspio.

debaló: || **Al debalo**, sin rumbo.

déldamo: || **Esta y outra y déldamo outra**, *espresión que s’utiliza pra refugar fer unha cousa máis veces. Vén sendo como dicir: “fágolo esta vez y outra però el demo me leve se lo fago outra vez máis”. *Devánoche esta madeixa y outra y déldamo outra*.

demo: || **Fer d’un demo dous y del máis pequeno tres**, fer lo imposible ou lo mui difícil. *Ten-*

ta de fer él solo a casa, ese sempre quer fer d'un demo dous y del máis pequeno tres. || *Vaya el demo mazando nella*, *maldición utilizada pra espresar que nun se quer saber nada d'unha persona ou cousa. *Este mes de xulio tan malo xa pode ir el demo mazando nel.* –*Ei che vén túa sogra.* –*¡Vaya el demo mazando nela!*

deixar: || **Deixarse morrer**, (por eufemismo é máis común ouguir “*deixarse morir*”) 1. *Utilízase esta espresión pra referirse a alguén que morre por desdeixao, por abandono, por falta d'ilusión. Déixase morrer quen nun fai nada por seguir adelante, quen se resina a morrer. *Condo faltóu a madre, ela deixóuse morir.* 2. Morrer sin que naide lo esperase. *Era tan nova y deixóuse morir.*

desataboriao, -ada: *ax.* Desenfrenao, fóra de si. *Pensén que miyorara da tolura, però estos días anda desataboriada de todo.*

desmangar: *v.* 1. Salirse el mango del sito. 2. Estropiarse [unha cousa] por salirse unha peza del sou sito. *Desmangóuse a caraviya da ventá.*

dexobar: *v.* 2. Romper, desfer. *¿Cómo trais ese paquete todo dexobao?*

Dios: || **Dios pague**, *espresión de gracias que ye dice a persona que recibe algo a quen yo da. –*Tome estos cinco pesos.* –*Dios pague.*

díxome-díxome: *sust.* Bule-bule, bulisma, conto. *Al cabo, a enfermédá de Paquín quedóu nun díxome-díxome.*

dura: || **De pouca (ou muita) dura**, que dura pouco (ou muito) [unha cousa ou persona], que ten unha vida corta (ou larga). *Nesa familia sonche de pouca dura, el irmao tamén moríu novo.*

durmir: || **Durmir de pé**, ter os pés mui grandes. *¡Oh Virgen, vaya pencóis que teis! ¡Tu durmes de pé!*

embelumiar: *v.* Tar [unha cousa] chía [d'algo que se move, que pulula]. *Ese cacho de pan embelumia de fornigas.*

empanicao, -ada: *ax.* 2. Mirao, tratao con muito bioco, con demasiaos cuidaos. *Tedes al neno mui empanicao.*

empernao, -ada: *ax.* Con pernas fortes y gordas.

encetar: *v.* 3. *prnl.* Infetarse, asañarse [unha mancadura].

enganchetarse: *v.* Coyerse del ganchete. *Enganchetóuse del sou home y pasóu toda digna.*

entrar: || **Entrar por el oyo**, agradar y [algo a alguén]. *A nora nunca ye entróu por el oyo. Entróuye por el oyo el vestido y nun quer outro.*

erguer: || **Érgate Xudas**, *maldición. || *Érgate Xudas de Madrí*, *maldición. || *Érgate Xúcaras*, *maldición. (Suárez recoye esta espresión en imperativo –*Érguete Xudas*– de forma que parece que perde el sou valor de maldición).

esbatecarse: v. Preocuparse [por fer algo], fer lo posible [por conseguilo]. *Esbatecíase porque nun nos faltara de nada.*

esbrancuxao, -ada: ax. Pálido, con pouco color. *Vai á praya, que tas esbrancuxada.*

esbrancuxar: v. Poñerse branca [unha persona]. *Condo ye deron a noticia, esbrancuxóu.*

escapula: || **Pola escapula**, nel límite, pola beira, con un marxe mui pequeno. *Esta falda ta cosida pola escapula. Tendiche os calzóis pola escapula y van cayer.*

escazolar: v. Romper, partir. *Escazolácheme el xarrón.* || *Mala centella t'escazole*, *maldición mui asomeñada a outras que s'usan na zona como *mala centella te coma, mal rayo te parta, mala chispa te coma.*

escazoliar: v. Cazoliar.

escocipiao: vide escozapao.

escola: || **Fer escola**, ser maestro, dar clase.

esconapar: vide esconar.

esconapao, -ada: 1. Participio d'esconapar. 2. ax. Con pouco cul [unha persona]. *É esconapada de detrás.*

esconar: v. 1. Estropiar, deixar inservible [unha cousa]. Tamén prnl. *Tanto andar féndola y desféndola, esconéi a radio. A radio esconóuse.* 2. Romper os ósos [unha persona] ou quedar mui mancada. *Cayéu pola escaleira y esconóuse.*

escoxapao, -ada: ax. Qu'arrastra a perna, rencó.

escozapao, -ada: ax. Mui cocido, feito unha pasta. *Nun fagas el caldo na “olla-express”, que queda todo escozapao.* (Suárez recoye *escocipiayao* col mesmo significado).

escrín: sust. Moble de madeira tallada qu'había nas casas das familias nobres, con muitos caxoncíos pra guardar documentos y que tía unha tapa con chave, de madeira con incrustacións.

esfarelarse: 2. Dar unha persona muitas explicacións y fer muitos movementos al falar. *Esfarelábase toda condo me contóu a voda da fiya.*

esgueira: || **D'esgueira**, 3. De festa, de gayorda.

esgueirar: v. Berrar, falar alto, fer muito ruido.

esfoyecar: v. Romper[ye] as foyas [a algo]. *El gato esfoyecóume as prantas.*

esfriaxao, -ada: ax. Con frío nel corpo, destemplao.

esfuchicar: v. Fozar, revolver [nalgunha cousa].

eslavazao, -ada: ax. Froxo, con pouco codaste [un líquido]. *Este caldo salíuche mui eslavazao.*

esmendreyar: v. Romper, desfer unha cousa. || *Esmendreyarse de risa*, rirse [muito].

esmolancriao, -ada: ax. 1. Esmorecido, esmortanaxo [un árbol, unha pranta]. 2. Desmiyorada, sin forzas, sin ánimo [unha persona]. *El gripe tente todo esmolancriao.*

esnafrarse: v. Romper a nariz, desfer a cara. *Este neno vai cayer y vaise esnafrar.*

espeyarse: v. (s.r.) Mirarse al espeyo. *Nun t'espeyes tanto, que xa tas ben guapa.*

espunxir: v. 1. Espilir, medrar. *Este neno nun espunxíu nada.* 2. tr. Fer que [unha cousa] aumente de volume. *Temos qu'espunxir os colchóis antes da noite.*

estarrecer: v. Trembar, ter calafríos. *Estarrezo de frío.*

estornar: v. Escorrer, espantar, escorrentar, fer fuxir a un animal. *Estorna esas galías que me tán comendo as verzas.*

estrada: sust. 2. Antigamente, camín público. *Abandonóulo na estrada. Mira lo que fais, nun tires cousas na estrada.*

estragar: v. Estropiar. *Se botas tanto sal, vas estragar a comida.*

estrumar: v. 3. Botar estrume.

estruxar: v. Estruñar.

esturrar: v. Fritir demasiao, quedar medio queimada [a comida].

fabalego, -a: ax. Axeitao pra cultivar fabas [un prao, unha terra].

faltriqueira: sust. Bolsín que levaban antigamente as muyeres, independente da saya, amarrao á cintura.

fanfarrón, -úa: ax. Que fanfarronía. *Este gato é un fanfarronín.*

fanfarroniar: v. Fer un ruído xordo de pracer, producir un sonido rouco en demostración de contento. *El gato ta todo el día fanfarroniando.*

felispín: || **A todo felispín**, mui rápidamente, a toda velocidá.

fernandíos: sust. pl. Faraguyas [das castañas cocidas]. *Das castañas nun deixóu máis qu'os fernandíos.*

ferrada: sust. Canada, recipiente [de madeira máis estreto por riba que por baxo con aros de ferro].

ferver: || **Ferver[ye] el unto [a alguén]**, ser mui fogoso, ter muita enerxía (en sentido xeneral y sexual). *A ese rapaz férveye muito el unto, nun pode parar.*

fila: sust. 1. Cadún dos fillos que forman a trama d'unha tela. *Pra fer vainica teis que sacarye unhas filas a esa tela. Xa tuvo mía fiya xugando coas telas, que ta el tarrén chen de filas.* 2. Tira larga y estreta de tela pra fer vendas ou pra outros usos. *Estas sabas veyas vou felas filas pr'aprovetalas.*

filar: v. 2. Fozar na nariz, sacar os mocos col dedo. *Neno, nun señas cocho, nun files.*

folga: || **De folga**, que nun s'usa normalmente [unha cama, un cuarto].

fonduxo: sust. Conxunto d'ascendentes [d'unha persona]. (Utilízase pra referirse despectivamente á xenealoxía d'alguén). *Esa que nun nos veña chufando, que ye conosco el fonduxo.*

fornada: sust. 3. (s.f.) Gran cantidá de mocos, mocayada.

forniguexo: sust. Sensación molesta nel corpo como se corresen por él fornigas. 2. s.f. Inquietú, desacougo. (Suárez recoye os derivaos *forniguexar* y *aforniguexar*).

funia: *sust.* (*s. r.*) *Martes foina*, animal depredador de lombo pardo y pescozo y peto brancos. (Suárez chámaye *fuina*, mentres qu'utiliza *funia* en sentido figurao).

frega: *sust.* Cura [que consiste en refregar coa mao unha parte del corpo pra que desapareza el dolor]. *Volita, faime unhas fregas, que me dole muito a barriga.*

gachineiro: *sust.* Galpón mui pequeno, recanto con texao [pra meter cousas]. (Suárez recoye as palabras *guichueiro*, *guicheiro* y *guixueiro* col mesmo significao).

gaita: || **Gaita de Louredal**, persona ou cousa pesada y monótona. *¡Qué gaita de Louredal! Nía, fai calar a ese neno. ¡Vaya gaita de Louredal temos toda a tarde con esa paxarada!*

galadura: *sust.* Pintía colorada [que ten a xema del ovo fecundao].

galipota: *sust.* Alquitrán, sustancia negra derivada del petróleo que s'usa pra calafatiar os barcos, fer carreteras.

gamayo: *ax.* Alto, desgarbao. (Suárez recoye *gamayón* col mesmo significao. Lo mesmo qu'apuntamos en *cangayo*, consideramos *gamayón* un aumentativo del primitivo *gamayo*).

garrotín: *sust.* Sombreiro de tela con ala y cintas pr'atar debaxo da queixada qu'usaban os nenos.

gazofia: *sust.* Comida mal feita ou feita con sobras de comidas anteriores [que recorda a caldada que se yes dá a os animales].

grolo: *sust.* 2. Faba redonda escura con unha pinta branca.

herba: || **Herba da mota**, herba de foyas largas y estreitas que ten unha reiz en forma d'ave-llana.

home: || **Home marín**, ser imaxinario qu'habita nas penas y que come os nenos. É unha criatura inventada polos padres pra evitar qu'os nenos s'acheguen a os ribeiros. Os nenos cantaban unha copla pra provocalo: *Home marín, / home marín, / sale da cova / y cómeme a min.* || *Home de paya*, muyer de modales masculinos.

homega: *ax.* Que ten afición polos homes. (É a contrapartida feminina de *muyerego*).

hora: || **Nun ser sin hora**, ser tarde [pra fer algo]. –*Vou fer as camas.* –*Nun é sin hora.* *Bastían xa fixo el caseto; nun era sin hora, desdói que lo ta dicindo...*

inxemplo: *sust.* Trasnó, neno revoltoso. (Suárez recoye *enxempriyo* col mesmo significao).

ir: *v.* 7. Fer [calor, vento, frío] (Suárez recoye *ir vento*). *Abrígate, que vai unha friaxe...* || *Irse detrás d'[un alimento]*, ir coméndolo pouco a pouco de xeito que, al final, coméuse demasiao. *Funme detrás del pan, comín case unha barra. Vas poñerte malo, fúchete muito detrás del cocido.*

lambisqueiro, -a: *vide* lambiyeiro.

lambiyeiro, -a: *ax.* Amigo de comer dulces, lambión.

lampazo: *sust.* Freganzo mui aveyentao.

larapitoso: *ax.* Chíos de langañas y rebitaos de colorao [os oyo]. *¿Viche qu'el neno ten os oyo larapitosíos?*

lareta: *ax.* Chirleira, que fala por demáis, que nun é quen a calar.

laretar: *v.* 1. *intr.* Falar por demáis, nun ser quen a guardar os secretos. *Ta todo el día laretando coas vecías.* 2. *tr.* Contar [un secreto, unha cousa que se debería calar]. *Contácheye lo da voda y xa lo tuvo laretando.*

largata: *sust.* Muyer descarada y riñúa. *Púxose como unha largata.*

largo: || **Largo como un día de mayo,** mui largo. (Suárez recoye *largo como mayo*).

lercho, -a: *ax.* Linguateiro, descarao. *Ú.t.c.s.*

lendreira: *sust.* Peñe ancho con púas mui xuntas polos dous laos que s'utilizaba pra sacar os pioyos.

levar: || **Así leva el demo as cruces,** *dizse condo unha persona trata unha cousa a golpes. || *Levar a porta con ún,* *utilízase esta espresión pra significar qu'algúen cerra a porta de paso que sale. *Se salides, levade a porta con vosoutros.* *¿Marchas? Pos leva a porta contigo.* || *Levar el viaxe das capelas de Piqueiro,* irse y nun volver. *–¿Unde vai Manolo? –Ese levóu el viaxe das capelas de Piqueiro.*

listo: || **Listo como el neno da Maraña,** *espresión irónica que s'aplica a unha persona que pasa por lista sendo medio fata. *–É tan listo... –Sí, ho, como el neno da Maraña...*

lixoria: *sust.* Líquido bebible con pouca sustancia y calidá. *Este café é unha lixoria.*

lúa: || **Tar de lúa,** tar [algúen] raro, maniático, aluao.

luz: || **Nin luz nin fuz,** ningún movemento, ningunha señal de vida [nunha casa]. *Nun debe tar naide porque nun hai nin luz nin fuz.*

manferlán: *sust.* (de McFerlan) 1. Antigamente, especie de levita hasta os pés qu'usaban os homes. 2. Despectivamente, abrigo grande y fachoso. *Leva unha facha con ese manferlán mouro...*

mañá: *sust.* 2. *s.f.* Almorzo con caña. *¿Tou volo sigue tomando a mañá todos os días? Vía comprar a mañá antes d'ir pescar.* 3. *adv.* El día despós d'hoi.

manxopeiro, -a: *ax.* Que fai as cousas caladamente, ás escondidas.

maraxa: *sust.* Afeminao, home de modales femininos. *Este neno xoga muito coas nécaras, nun sei se vai salir un pouco maraxa.*

mazcato: *sust.* *Sula bassana,* páxaro marín de pico forte y corpo branco coas puntas das alas mouras.

mao: *sust.* 6. Tres unidades [de fruta, d'ovos, de papel]. *Comprén dez maos de mazás (=30 mazás).* *Mandóume os ovos y púxome unha mao de máis.*

meirolada: *sust.* Tracafuyada, enredo, zarapayada.

mendreyo: *sust.* Pedazo irregular arrancao d'unha cousa. *Recoye todos esos mendreyos de pan. Ese vestido ta feito mendreyos.*

mentramentres: 1. *adv.* Mentres, nel intervalo de tempo, nese mesmo momento. *Nun acababan de servirye a xanta y, mentramentres, coméu todo el pan.* 2. *conx.* Mentres, nel intervalo de tempo en que. *Coméu todo el pan mentramentres nun ye servían a comida.*

mexar: || **Mexar augua bendita**, ser un beato, nun salir del iglesia. *A muyer de Paco ta todo el día rezando, esa é das que mexan augua bendita.* || *Condo mexen as galías*, nunca; dizse condo se pensa qu'unha cousa nun se vai fer nunca ou vai tardar muito en ferse.

mirar: || **Nun mirar nin roso nin veloso**, nun reparar en nada. *Esa por casar nun miróu nin roso nin veloso.*

mirmilo, -a: *ax.* Froxa, mui delgada [unha persoa].

mistura: *sust.* Conxunto de cousas mezcradas. || *Pan de mistura*, pan feito con farina de meiz y centén.

misturar: *vide* mezcra.

miyas: *sust. pl.* 1. Conxunto d'ovos del pescao. 2. Bolsa que contén os pequenos ovos del pescao

moleyo, -a: *ax.* Mui manso, dócil y cariñoso, que ye gustan as caricias. *Este gato é mui moleyo.* (Suárez recoye *moleya* como axetivo invariable con significado parecido.)

monxa: || **Monxa boba**, persoa hipócrita, humilde d'apariencia sin selo en realidade. *É unha monxa boba: muito pedir nel iglesia y lougo nun anda máis que con contos.*

mosca: || **Mosca morta**, persoa que parece que nun é quen a fer nada pero que lo fai.

moyar: || **De moya y corre**, ruía, que nun salíu ben [unha comida]. *Este guiso ta de moya y corre. –¿Hai caldo de xanta? –Si, pero ta regular, salíume de moya y corre.*

muyer: || **Nun ser muyer [a fer algo]**, nun ser quen a fer unha cousa [unha muyer], nun ser capaz a fela. *Nun fun muyer a abrir a botella.*

nadizo: *sust.* Mofa, humedanza. *Cheira a nadizo.* (Suárez recoye el axetivo derivao *anadizo*).

nembrarse: *v.* Víriseye [a alguén] á cabeza [unha cousa], recordar. –¿*Dixícheys que nun podíamos ir? –¿Ai, nun se me nembróu...!* (Suárez recoye *renembrarse* col mesmo significado.)

neneiro, -a: *ax.* Que ye gustan os nenos. (*vide* Suárez *neneiro*).

nicrolo: *sust.* 1. Neno mui pequeno. 2. Home froxo, desmedrao.

niquiyo: *sust.* Persoa muy fraca y estreita de corpo. *Nun poñas esa chaqueta que pareces un niquiyo.*

noiro: *sust.* 2. Persoa grande y mal feita. *Nun me gusta a moza de Xulián, é un noiro.*

noite: || **Ferse noite**, anoitecer. *Vai depresa, que se nos fai noite y nun damos acabao.*

nube: || *De nube*, propio del tempo tormentoso. *Este sol é de nube.* || *Tar de nube*, tar [alguén] enfadao.

ócaro: *sust.* || **¡Québrenche(ye) os ócaros,** *espresión que s'usa pra maldicir. || **¡Québrenche os ócaros de Madrí!,** *espresión que s'usa pra maldicir.

olona: *sust.* Texido forte de color abrancazo que s'utilizaba, entre outras cousas, pra fer as velas dos barcos. *Esta tela é durísima, parece olona.*

ombreira: *sust.* 1. Tirante ancho dos vestidos de muyer, das camisas ou camisetas. *¿Unde vas con esas mangas col calor que vai? Leva unha camisa d'ombreiras.* 2. Parte d'unha prenda que cubre el ombro. 3. Pequena almuadiya que sirve pra reforzar as prendas de vistir pola parte del ombro.

oreyas: || **Verye as oreyas al lobo,** coyer medo por ver un peligro cerca. *Manolo xa nun corre tanto nel coche. Dende el accidente, víuye as oreyas al lobo.*

orfaguento, -a: *ax.* Asmático, que respira con dificultá.

osús: *interx.* qu'espresa sorpresa, molestia, susto (deformación de 'Jesús'). || **¡Osús meu ben!,** *espresión que s'usa pra significar sorpresa, molestia, susto.

óso: || **Óso feridor,** persona que dice cousas pra molestar ou ferir a alguén. (Parece qu'esta espresión fai alusión á queixada de burro con que Caín matóu a Abel).

outonada: *sust.* Tempo d'outono en qu'el herba y as prantas reverdecen.

outonar: *v.* Revivir [el herba, as patacas, en outono, como sucede na primavera].

oyeiro: || **Tar feito un oyeiro,** ter muitos males, tar acabao, con mal estao de salú. *Ta feita un oyeiro: deuye un paralis y ademáis ta diabética.*

oyo: || **Oyo cego,** oyo del cul.

palicar: *v.* Tar de parola, conversar pra distraerse.

panceiro: *ax.* Que ye gusta comer pan (*vide* Suárez *pancego*).

papar: || **Papar[ye] el bolo [a alguén],** 1. Ser muito máis alto y grande qu'outra persona. *Túa fíya, como siga medrando, axina che papa el bolo.* 2. Superar [a alguén] en cualquier outro aspecto. *Nena, coas notas que sacache, papácheye el bolo al listo da clase.*

papo: || **De papo,** gratis. *Fun comer de papo, invitóume meu primo Manolo.* || **Papos d'ola,** papos grandes y cayidos (asomeñaos ás barrigas das olas antigas.). *A nena ta regordeta, ten unhos papos d'ola...*

parar: || **Nun ter parao,** nun tar quieto, moverse continuamente. (*Vide* Suárez: *nun ter úa parada*).

parte: || **Por parte y parte,** por parte del padre y por parte da madre. *Ten unhos oyo verdes guapísimos, heredóulos por parte y parte. Pode ter xemelgos porque na súa familia hailos por parte y parte.*

pataca: || **Pataca baloca,** pataca branca de forma alargada.

patelexo, -a: *sust.* Persona baxa y regordeta.

paxarada: *sust.* Gran cantidá de páxaros xuntos que causan rebumbio. *Nel parque á tardía hai unha paxarada...*

páxaro: || **Páxaro del augua**, *Numenius* sp., mazarico. *Vai chover, que xa ta cantando el páxaro del augua.*

paxarón: *sust.* Home grande y raro.

pé: *sust.* 7. Medida de lonxitude correspondente al largo d'un pé. *Esta leira ten cen pés d'ancho y cuatrocentos de largo.* 8. Unidá [d'un vexetal que se vai prantar]. *Nun teño semao nin un pé de verza (=ningunha verza). Fun á Veiga comprar un cento de pés de cebolín.* || *Medir por pés*, medir el largor d'unha cousa poñendo un pé a continuación del outro y contando as veces que se fai esa operación. || *De pé de banco*, inoportuno y sabido, que nun vén al caso [un comentario, unha pregunta, unha acción]. || *Pés de lavanco*, pés grandes y esparramaos.

pebida: *sust.* Enfermedá das galías. *Morréu a pita que tía a pebida.*

pedazo: *sust.* 1. Porción ou parte [d'unha cousa]. *Comín un pedazo de queixo.* 2. Espacio de tempo. *Tuven un bon pedazo esperando por ela y nun parecéu.* || *D'alí a un pedazo*, certo tempo despós. *Chegamos á casa ás tres y d'alí a un pedazo chegóu a vecía a falar con mía madre.* (Suárez recoye *d'aló a un pedacín*).

pedigañar: *v.* Andar pedindo a unhos y a outros.

pelandrusca: *sust.* *vide* peleya.

pelaxe: *sust.* Peleyo [d'un animal con pelo largo]. 2. Condición social, categoría. (Úsase aplicao á personas de baixa extracción social.) *Chufá muito, pero ben se ye ve qu'é de pouco pelaxe.* || *Pescao de pelaxe*, peixe que ten un peleyo gordo, sin escamas, como a raya, a pata-roxa, etc. (*vide* Suárez *pescao d'oreya*).

peleyo: || **Peleyo de castaña**, cousa sin importancia. *Este neno é tan froxo que nun val un peleyo de castaña. Nun ye costa nada viaxar, vai a Xixón por menos d'un peleyo de castaña. Perde a misa por un peleyo de castaña.* || *Peleyo de galía*, pelos de punta pola mor del frío, del medo ou d'outras sensacións.

peleya: *sust.* Prostituta, persona mui liberal nos costumbres sexuales. (Suárez recoye *peleyón*, *peleyúa*. Consideramos qu'estos son aumentativos, intensificadores del significao, y qu'a palabra base é *peleya*.)

peneirego: *sust.* 2. *Lophius budegassa*, peixe da familia del pixotín, de carne menos apreciada qu'a d'este.

pequeno: *sust.* Neno, crianzo. *Xa me parecéu que tuveras un fiyo porque vin pasar a túa madre pola mía casa con un pequeno. ¿Cóntos pequenos teis?*

peringayo: || **Fer el peringayo**, fer el pendón, levar mala vida.

perrón: || **Un perrón partido pol medio**, nada de cuartos, ningún dieiro. *Quedóu probe como as ratas, nun ten un perrón partido pol medio. ¡É máis agarrao! Na misa nun bota nin un perrón partido pol medio.*

pingayo: *sust.* Persona despreziable.

petrucial: *ax.* Patrucia, d'orixe d'unha familia [unha casa].

petrucio, -a: *vide* patrucio.

pezanco: *sust.* Pé grande y mal feito.

picofurón: *sust.* Persona coa cara apaxarada, col focico puntiagudo. –*¿É guapo el mozo de Carmía? –¿Qué vai ser! É un picofurón...*

pisar: || **Pisar el sapo**, erguerse mui tarde. *¡As once y media!, pisas el sapo. Hoi pisén el sapo: erguínme ás doce.*

pixotín: *sust.* *Lophius piscatorius*, peixe da cabeza grande y corpo en forma de fuso.

piyabán, -ana: *ax.* Pícaro, bribón. (Suárez recoye a variante *peilaván*).

pleure: *sust.* Inflamación da pleura.

poleiro: *sust.* 2. (*s.f.*) Peto da muyer, espeteira.

pote: || **Fer pote**, ser útil, poder sacarye algún proveto. *¿Pra qué ques saber tantos refráis? ¿Os refráis fain pote? Pos se nun lo fain, nun quero saber nada d'elos.*

potecada: *sust.* Cantidá que cabe nun pote. *Fixen unha búa potecada de carne asada.*

poutao, -ada: *ax.* Escesivamente tranquilo, que nun s'inmuta por nada, que fai as cousas mui despacio.

prato: || **Tar al prato y ás tayadas**, querer tar a todas as cousas, nun querer perderse nada. *Ese quer tar al prato y ás tayadas: vai d'esgueira todo el ano y despós quer aprobar.*

probestá: *sust.* Cualidá de probe. *Na posguerra había tanta probestá...*

proxamar: *v.* Dicir proxamadas, manter unha conversación xinxela, chía de lugares comúis y frases feitas. *Nel velorio tuven que tar todo el tempo proxamando: que se nun somos nada, que se mañá che pode pasar a ti.... y así toda a tarde.*

punta: || **Pola punta del cuarto**, a base de dieiro. *Conseguíu a casa pola punta del cuarto.*

quedar: || **¿En qué quedamos, na peseta ou nos cuatro rales?**, *utilízase condo algo ta difícil d'escoyer porque é lo mesmo unha cousa que outra. (Suárez recoye *...ou nos cinco rales?*).

quen: || **Ser quen a [fer algo]**, ter a capacidá pra [felo]. *Nun sou quen a amañar esta lavadora.*

rabelo: *ax.* Col rabo cortao [un gato]. *Teño dous gatos: un marelo y outro negro rabelo.* (Tamén s'usa, por exemplo, na copla popular: *Cucurucú, gato rabelo, / quién te capara condo eras pequeno*).

rabiza: *sust.* Raba, foyas del nabo comestibles, mui usadas pra fer caldo.

rabudo, -a: *ax.* Que ten mal humor y que s'anoxa con facilidá y terquedá. *El neno é máis rabudo...: riñínye y tiróume el augua porriba.* (Tamén s'utiliza, por exemplo, nesta copla con

qu'as nenas de Tapia metíanse coas de Mántaras: *Mantarega rabuda / que mexa na cama y dice que suda.*

rapatarrón: || **A rapatarrón**, dafeito, arramplando con todo. *Houbo un vento xelao que levóu as coyetas a rapatarrón.*

rayolo: *sust.* Rayo débil de sol, rayolía.

rebola: *sust.* Volta que dá ún sobre si mesmo. 2. Carreira que fain os nenos arrebolándose por un tarrén en costa. *Os nenos tiveron toda a tarde xugando á rebola.*

rebuxo: *sust.* Conxunto de cousas que se levan atadas nun pano. *Levaba a roupa nun rebuxo.*

reconcar: *v.* Repetir [unha comida]. *Ta bon el caldo, vou reconcar.* (Suárez recoye *reconquiar* nun sentido figurao).

redeira: *sust.* Muyer que fai ou repara redes.

regalar: *v.* 2. Poñer en branco [os oyos].

remexer: *v.* Remover. *¿Qué tanto remexas nas fabas? Nun remexas el leite que vai acabar toyéndose.* 2. *prnl.* Moverse continuamente [unha persona nel sito]. *¿Tas nervioso, ho, que nun fais máis que remexerte?*

resbaladoiro: *sust.* Sito en costa unde é fácil esbarar (*vide* Suárez *resbalén*). *Ten cuidao, nun vayas cayer na rampla, qu' é un resbaladoiro.*

resgar: *v.* Cortar con tixeiras al resgo [unha tela].

resgo: || **Al resgo**, colocada [unha tela] de forma qu'os fillos queden en posición oblicua.

restelo: || **Cara de restelo**, cara seria, de mal humor.

revolvín: *ax.* Revoltoso, que nun para. *Este neno é un revolvín, xa me tiróu todo.*

reviravolta: *sust.* 2. Volta mangureira, rodeo pra espesar unha cousa xinxela.

río: || **Ir pol río abaxo**, emprobecer [unha persona ou cousa], perder as posesiões, ir á bancarrota. *Con tal de nun molestarse, tanto ye dá que vaya todo pol río abaxo. Era tan rico, tan rico, deixóuse ir pouco a pouco pol río abaxo y agora é probe de pedir polas portas.*

risón: *sust.* Instrumento de ferro con tres ou cuatro ganchos que s'usa para fondiar as embarcaciões.

rosmar: *v.* Protestar polo baxo, falar entre dentes. (Suárez recoye *ruzmiar* con significado parecido).

rosmón: *ax.* Que rosma, protestón.

roupa: || **Haber roupa tendida**, *espresión que s'utiliza condo nun se pode falar porque hai nenos pequenos delante ou personas que nun queremos qu'oigan el que dicimos. *Nun contes máis nada, qu'hai roupa tendida.*

safao, -ada: *ax.* Cínico, que minte con descaro.

salvadeira: *sust.* Recipiente pequeno de loza de forma cilíndrica con furadíos na parte superior que contía polvos pra secar a tinta dos escritos.

salvar: v. Sacar proveto [d'unha situación], ter sorte, salir ben parao [d'unha situación]. *Salvache que che perdonóu el que ye debías.*

sámago: || **Sacarye el sámago [a alguén]**, servirse [d'unha persona] hasta que nun dá más, esprimila, aprotetarse d'ela hasta el final, quitarye todo el que ten ou servirse del sou saber, experiencia, influencias... *Desque ye sacóu hasta el sámago, deixóula tirada. Deixóu probe al tío, sacóuye el sámago.*

saqueto: sust. Saco pequeno.

sarabuyo: sust. Sarpullido, erupción cutánea. (Suárez recoye *sarabuyada*, qu'é un derivao de **sarabuyo** con valor aumentativo).

senaugua: sust. Faldón que poin as mueres debaxo del vistido pra abrigar y darye corpo.

sobro: || **De sobro**, de sobra, en cantidá suficiente.

soltar: || **Soltar os cabos de terra**, deixar as cousas materiais, el trabayo, as obrigacióis. *Quixo soltar os cabos de terra y deixóuyes el negocio a os fiyos. Ta tan metido nel mundo..., nun quer soltar os cabos de terra.*

sorniar: v. Osmar, barruntar. *Condo el gato pasa a pata por detrás da oreya, eso é que sornia mal tempo.*

sunoconicio: sust. Persona goberneira, que todo lo quer dirixir. *¡Xa ta ese sunoconicio gobernando na procesión!*

tarabela: || **Á tarabela**, a lo tolo, a voces. *Iba cantando á tarabela.* (Suárez recoye *a altavela* y *a altaravela*).

tempo: || **Nun tar todo el bon tempo [nun sito]**, poder vir inda mal tempo, nun tar asentao el bon tempo. *Fai sol, però nun t'alegres muito, que nun ta todo el bon tempo aquí. Xa verás cómo chove mañá.*

tinteiro: sust. Recipiente, xeneralmente de cristal, que contía a tinta pra escribir.

tío: || **Ter un tío na Habana**, *espresión que s'utiliza pra referirse a alguén que chufa muito y nun se pode comprobar se é verdá el que dice. *Dixo que condo vivía en Avilés tía un coche de doce miyóis. –Boh, ese ten un tío na Habana.*

tirar: || **Tirar al peso**, ter [alguén] tendencia a engordar. *Nun é que nun coma, é que tira pouco al peso. Xa sei que tou gorda, eu sempre tiréi muito al peso.*

tiseiras: sust. (*s.r.*) Tixeiras, ferramenta pra cortar.

toucín: || **Ser toucín de todas as olas**, figurar en todas partes, tar metido en todos os asuntos. *A sobría actuóu nel teatro y bailóu na praza veyá. Esa é toucín de todas as olas.*

tracafuyada: vide *trafuyada*.

tracafuyeiro, -a: ax. Zarpayeyiro, amigo de fer *tracafuyadas*.

trafego: *sust.* Actividad intensa, trabayo [incesante con muitas idas y venidas]. *Nun puiden fercho porque tuven muito trafego na casa.*

trasliar: *v.* Írseye a ún a chapeta, volverse tolo, desvariar. *Ta trasliando: dice que vai vender as vacas y dedicarse á vida contemplativa.*

trasbardiar: *vide* trasliar.

trebeyos: *sust. pl.* Ferramentas, útiles del trabayo de cada oficio. *Iba Xan pescar con todos os trebeyos.*

tresliar: *vide* trasliar.

truncario: *vide* fonduxo. *En Tapia conocémoschenos todos el truncario.*

valer: || **Válate el demo**, *maldición. (Suárez recoye: *¡veña el demo que te leve!*, de significado parecido).

varrer: || **Vai haber muito que varrer y nun vai ser cotra**, *sinifica que vai haber qu'atar corto a unha persona porque é mui lanzada. *Este crianzo nun sabe qué inventar, xa me dexobóu todas as revistas y agora ta tirándoye del rabo al gato, ¡vai haber muito que varrer y nun vai ser cotra!*

ver: || **Ver [alguén] bon día**, ter a sorte de [qu'algo suceda], sacar proveto [d'unha situación]. (Utilízase de forma enfática col verbo posposto). *Bon día viche que chovera pra nun ter que regar. Bon día vimos qu'el tren chegase tarde, se non, nun lo coyíamos.*

verduayo: *sust.* 1. Fruto verde que sabe mal por tar demasiao ácido. *Esta mazá nun hai quen la trague. É un verduayo.* (Suárez recoye *verdiayo* con un sentido parecido: 'espiga de meiz que nun madurecéu a tempo', y *verdiayada* col sentido qu'aquí damos a *verduayo*).

vergayo: *sust.* 3. (*s.f.*) Viristayo, home mui alto y delgao.

vergonciyo: *sust.* Escalafranca. *Armóu un vergonciyo porque ye querían cobrar de máis.*

veyo: || **De veyo**, desde hai muito tempo. *Ese costumbre vén de veyo. Conózola de veyo, de condo éramos nenas.*

vida: || **Ter [alguén] a vida ganada**, *espresión irónica que s'usa condo nun se pode fer nada porque algo ou alguén nolo impide. *Este neno nun deixa fer nada, con él teño a vida ganada.*

vixigas: *sust. pl.* Enfermedá contaxosa que se conoz pola aparición de bóchigas por todo el corpo.

vixilia: *sust.* Abstinencia de comer carne en certos días establecidos pol Iglesia.

volar: *v.* 2. Acabar [a unha hora tardía que s'espresa], vírse[ye a alguén esa hora encima] *¿Cómo vamos ir á Roda agora? ¿Y a qué hora vamos volar? Trabayamos tanto que volamos mui tarde.*

volta: || **Volta mangueira**, rodeo que se dá por nun dicir as cousas ás claras, pensamento retorcido. *Deuye tantas voltas mangueiras que nun entendín el que me quixo dicir.*

xanxarrín, -ía: *ax.* Manxopeiro, persona que parece que nun rompe un prato pero que fai as cousas por detrás, caladamente; persona que nun aparenta el qu'é. *Mira a nena que xanxarría: ta ei toda calada y acaba de fer unha búa falcatrúa.*

xara: *sust.* Arbusto del xénero *Cistus*.

xaral: *sust.* Terra inculta, chía de xaras.

xarnela: *sust.* Bisagra, peza de metal que sirve pra suxetar as portas y ventás al marco. *A cancela fai muito ruido porque ten as xarnelas ferruxentas.*

xente: || **Xente de cata quén vén,** xente de nun se sabe únde, personas de fóra das que polo tanto nun se conoce a orixe. (É espresión despectiva dende el punto de vista social, pos s'aplica a xente que se considera socialmente inferior).

xornaleiro: *sust.* Obreiro que trabaya al xornal.

xudío: *ax.* Tacaño, agarrao. *Vaya xudío ta feito, nun me deu nin pra un café.*

zapateiro: *sust.* Insecto hemíptero coas dúas patas de delante cortas y as cuatro d'atrás largas, que se topa fácilmente na superficie del augua pola que corre velozmente.

zapelexar: *v.* 1. Andar con dificultá [un coxo, un zopo, un neno que ta aprendendo a andar]. *¡Mira a nena xa cómo zapelexa!* 2. Nun ter parao, nun tar quieto, moverse continuamente. *¿Qué andarás túa madre zapelexando da cocía pras alcobas?*

zapelexo, -a: *ax.* Que zapelexa.

zaragolada: *sust.* Bolorto, montón de cousas embeleñadas. *¿Qué demonio de zaragolada traís nel pescozo?*

zarayo: *sust. vide* zarapayo.

zubato: *sust.* Carne del xato cercana ás costelas pero sin tar apegada a elas.

II. DITAMES:

A muyer y a sardía, pequenía. (Súmase á larga tradición que dende a Edá Media prefire as muyeres pequenas. Compárese en cambio col ditame número 33 que se refire a estatura dos homes.)

A pelos y a pecaos, chégase sempre. (El pelo sempre medra y os pecaos... tamén.)

Abril, abril, cada mil anos tías que vir.

Abril, se por malas quer vir, as portas nun deixa abrir. (Este ditame y el anterior refrense al mal tempo –augua y frío– del mes d'abril.)

Aleluya padre cura, el que teña carne que la cuma y el que non, ayuna.

Alí arriba nun sei únde, hai nun sei qué santo que rezándoye nun sei qué, gánase nun sei cuántoto. (Dítame que s'emprea condo a persona que nos ta contando algo nun sabe precisar ben a información.)

As penas con mel son búas de roer.

Augua a mediodía, augua pra todo el día.

Cala y nun paroles, que pola boca pérdense os homes.

Chufa, carracha, que vén el inverno. (Empréase condo alguén chufa sin ter de qué.)

Comer y sorber nun pode ser.

Condo un probe chega a unha libra de carne, é vixilia.

Costureira sin alferga mete os dedos entre a merda. (Suárez recoye *Muyer sin alferga...*, pero chócanos máis esta outra variante que, amáis de ter un sentido máis preciso, respeta os versos octosílabos.)

Da fogaza del compadre, bon pedazo al afiyao. (Aplícase al qu' é arrogante coas cousas ayías. Suárez recoye *Del pan de meu compadre...*)

Da fogaza del compadre, búa tayada al afiyao. (Variante del ditame anterior.)

Díxolo Bras, punto redondo. (Suárez recóyelo practicamente igual: *Díxolo Xan...*)

Dous que durmen nun colchón tein a mesma opinión.

É miyor criar entre mantelas, que non entre costelas. (É dicir, é preferible qu' el neno que vai nacer seña pequeno; asina párese miyor.)

El que come caldo sin grasa, come pan sin tasa.

El que corta el pan nun vai al Cielo. (Porque sempre deixa pra él a miyor tayada.)

El que gasta y nun pon, axina baxa el montón. (Suárez recoye: *Unde se saca y nun se pon...*)

El que minte ou come pescao, ten que ter muito cuidao.

El que ten un fiyo na porta é como el que ten unha cabra na horta. (Porque tanto ún como outra nun fain máis que comer.)

El que teña tenda que la atenda y se non, que la venda.

El que parú qu'arrole y se non, que lo meta nel fole.

El que se pon debaxo da foya, dúas veces se moya.

El que ten neníos, folga a bocadíos.

El que todo quer saber, merda se ye dá a entender.

El que todo quer saber, nada se ye dá a entender.

*El que ve el mar desde el monte, ve unha fonte. (Suárez recoye *El mar dende el monte parece úa fonte.*)*

*Encargo sin dieiro queda nel carreiro. (Suárez recoye a variante *Encargo sin dieiro, queda na casa del taberneiro.*)*

Eu quero un home maisque me mate, maisque m'afogue, maisque me meta a cabeza nun fole.

*Home pequeno, fol de veneno. (Suárez recoye *Bicho pequeno, todo veneno.*)*

Lo que nun rouba el ladrón nin come el comichón, tópalo el sou amo unde lo pon.

Lúa sabadía, nin ela nin a vecía. (Condo a lúa nova cai en sábado, nun vai haber bon tempo nin ese mes nin el que sigue.)

*Mayo moya, mayo enxuga, mayo trai a calentura. (Suárez recoye: *Se mayo me moya, mayo m'enxuga.* Os dous refírense a variabilidadá del tempo nel mes de mayo.)*

Muyer esmelada, muyer mal casada.

Na semana de Ramos lavarás os panos, porque na de Pasión ou los lavarás ou non. (É menos probable que chova na semana anterior que na Semana Santa, por eso é miyor aprotetala pra lavar a roupa.)

Nin padre, nin madre, nin can que ye ladre. (Aplícase á xente que ta sola na vida, que nun ten relacións familiares.)

Nun hai muyer máis esclavazada qu'a de tres meses embarazada.

Nun sei qué faga: se me poña a servir ou se bote criada. (Hailos realmente indecisos.)

Ofrecer y nun dar nun desfái casa.

Pioyo resucitao en camisa lavada vólvese tolo y nun sabe qué faga. (Fai alusión a os novos ricos.)

Pola mañá pataquiñas, a mediodía patacolas y á noite patacas solas. (El que dicen os nosos paisanos que cumen os galegos.)

Por muito trigo nun é mal ano.

Por San Antón, toda galía pon.

Por San Juan a sardía moya el pan.

Pra unha veyá que morréu, cen anos de pestilencia. (Dizse condo se comete un pequeno error y nun para de comentarse y dárseye voltas al asunto.)

Quen malas mañas ha, tarde ou nunca las perderá.

Quen revolva, nunca falta. (Sempre hai xente para enredar as cousas.)

Sábado pola noite, coye a roca María. (Aplicable á xente que s'acorda de fer as cousas nel último momento.)

San Isidro Labrador quita el augua y pon el sol.

Sempre é vixilia na casa del probe.

Serás veyo, Cocolín, y terás vixigas y xarampín. (D'esos males nun se libraba nadie: se nun era a unha edá, tíanse a outra.)

Suben os bancos y baxan as mesas. (Dítame que s'utiliza pra espresar cómo cambían os tempos: os que taban embaxo suben na escala social y al contrario.)

Tanto dá Xan como Beltrán. (É lo mesmo unha cousa que outra. Dá igual unha ou outra porque son as dúas iguais.)

Val máis conexo na mao que cento nel prao.

Veranín de San Martín, que grande que pequenín. (Por San Martín, 11 de novembro, hai algunhos días de sol y calor qu'unhos anos son muios –unha ou dúas semanas– y outros, mui poucos –dous ou tres días–.)

* * *

Manuel Rodríguez Rivero, en el *Cultural d'ABC* (13-VII-2002, p. 3), referíndose á morte de linguas afirma que “si tenemos en cuenta que el lenguaje es el depósito de la cultura de quienes lo hablan, lo que está a punto de suceder es que se volatilice la memoria cultural de millares de pueblos diseminados por todo el planeta”. Esperemos que nosotros nun séñamos ún d'esos pueblos. Ta nas nosas maos.

Bibliografía

- ACEVEDO Y HUELVES, B. & M. FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ (1932): *Vocabulario del bable de Occidente*. Madrid, Junta para la ampliación de estudios lingüísticos. C.E.H.
- DÍAZ LÓPEZ, J. & M. GARCÍA-GALANO (1994): *Vocabulario d'A Roda (Tapia de Casariego)*. Uviéu, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies.
- FERNÁNDEZ VIOR, J. A. (1997): *Notas etnolingüísticas del conceyo da Veiga*. A Caridá, Xeira.
- (1998): *Vocabulario da Veiga*. Uviéu, ALLA.
- GARCÍA GARCÍA, J. *El habla del Franco*. Tesis doutoral, Universidad d'Uviéu.
- PÉREZ FERNÁNDEZ, J. (1988-1990): “Vocabulario de Tox (Navia)”. *Lletres Asturianas* 30, 31, 33, 34, 35. Uviéu, ALLA.
- RODRÍGUEZ-CASTELLANO, L. (1954): *Aspectos del bable occidental*. Uviéu, IDEA.
- (1957): *Contribución al vocabulario del bable occidental*. Uviéu, IDEA.
- SUÁREZ FERNÁNDEZ, X. M. (1996): *Vocabulario de Mántaras (Tapia)*. *Aportacióis al léxico del galego-asturiano*. A Caridá, Xeira.